



Dirección: Lugar Armada, 1
CP/Concello: 15637 -Vilarmador
teléfono: 981 781 709 - 981 781 725
Email: correo@vilarmador.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Concesión de subvención a Cruz Roja.

EXPEDIENTE: 2024/A007/000001

ANTECEDENTES:

Vista a instancia de Victor Angel Méndez Vázquez NIF: 32787157J, Presidente de Cruz Vermella Betanzos CIF: Q2866001G, solicitando unha subvención para os gastos de mantemento e xestión das actividades que desenvolve a Asamblea Comarcal e que redundan na mellora da calidade de vida da cidadanía en xeral e dos colectivos máis desfavorecidos en particular.

Dado que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 xeral de subvencións e na base 13ª das bases de execución do orzamento de 2024 establécense que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

Visto o artigo 65 do Real Decreto 887/2006 polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.-Conceder unha subvención de 200 € a Cruz Vermella Betanzos, con cargo á partida 231.480.00 do orzamento, para os gastos de mantemento das actividades que desenvolve a Asamblea Comarcal e que redundan na mellora da calidade de vida da cidadanía en xeral e dos colectivos máis desfavorecidos en particular

2º.- O beneficiario deberá xustificar no prazo de tres meses desde a súa concesión, a súa aplicación aos fins para o que foi concedida, mediante a presentación dos seguintes documentos:

Relación de gastos da actividade subvencionada, e facturas.

Xustificante do pagamento da actividade subvencionada (certificación bancaria da transferencia), onde conste o ordeante, o beneficiario, o importe e a data de pago.

Relación doutros ingresos ou subvencións para a mesma actividade subvencionada.

Así como a declaración de estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

3º.- A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais sempre que non se



Dirección: Lugar Armada, 1
CP/Concello: 15637 -Vilarmajor
teléfono: 981 781 709 - 981 781 725
Email: correo@vilarmajor.es

rebase o coste da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera establecer a normativa reguladora de ditas subvencións ou axudas.

4º.- O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta designada polo beneficiario, no prazo dun mes desde a xustificación da subvención.

5º.- Non será esixible a prestación de garantía por parte do beneficiario por non apreciar risco de que incumpra as obrigas asumidas neste convenio.

6º.- Admitiranse os xustificantes dos gastos realizados con anterioridade a esta resolución sempre que sexan posteriores á aprobación do orzamento no que figura o crédito nominativo.

7º.-Notificar a presente resolución ao interesado.

En Concello de Vilarmajor, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde/Presidente

Carlos Vázquez Quintián